

geología 16

Lugo

A Fonsagrada, unha viaxe ás praias e arrecifes do Paleozoico

7 de maio de 2016

Francisco Canosa Martínez

1. Introducción

Nesta edición 2016 do xeolodía visitanse as terras lucenses da Fonsagrada. Unha oportunidade para coñecer o seu salientable patrimonio xeolóxico, que a pesar de ser un gran descoñecido non deixará indiferente a ninguén. O itinerario escollido percorre fermosas pasaixes de montaña nas que as formacións xeolóxicas permiten descubrir como era esta zona da provincia de Lugo hai millóns de anos.






Fig. 1. Mapa xeolóxico simplificado do Nordés de Galicia.

2. Situación xeográfica e xeolóxica


A Fonsagrada atópase no extremo leste da provincia de Lugo, a uns 60 quilómetros da capital provincial. En canto á xeoloxía (Fig. 1), este concello emprázase na denominada Zona Asturoccidental-Leonesa (ZAOL), pertencente ao Macizo Ibérico e constituída principalmente por lousas, cuarcitas, xistos e, de forma máis escasa, calcarias. Uns materiais orixinados en realidade no hemisferio Sur e que como consecuencia da dinámica terrestre desprazáronse ata a posición actual (Fig. 2). Durante esta viaxe de máis de 500 millóns de anos tivo lugar un salientable acontecemento xeolóxico, a colisión de dous supercontinentes, Laurusia e Gondwana, hai aproximadamente 350 millóns de anos. O resultado desa colisión foi unha gran cordilleira montañosa, chamada Oróxeno Varisco, de máis de 3000 quilómetros de lonxitude e cunha altitude semellante á do actual Himalaia.




Cámbrico Superior (500 m.a.)



Devónico Superior (370 m.a.)




Pérmico Inferior (280 m.a.)



Actualidade (0 m.a.)

Fig. 2. Paleoxeografía das rochas da Fonsagrada nos derradeiros 500 millóns de anos.



3. Itinerario xeolóxico

A xeoruta escollida consta de cinco paradas (véxase o mapa da páxina 4), das que deseguido se describen as características xeolóxicas máis salientables.

Vilagocende (1)

Na contorna da seimeira ou ferverza de Vilagocende afloran lousas e cuarcitas do Cámbrico (Serie dos Cabos), uns materiais que foron pouco a pouco erosionados polo río Lamas. Este impresionante salto de auga de 50 metros orixinouse debido á presenza dun potente nivel de cuarcitas, que ao ser moito máis resistentes á erosión que as lousas, dan lugar á chamada erosión diferencial, e en consecuencia formouse unha parede moi vertical dentro do curso fluvial.



Vista xeral da seimeira de Vilagocende.



Pena do Inferno vista dende Miñide.

Pena do Inferno (2)

A morfoloxía da Pena do Inferno pode variar moito dependendo do lugar dende onde se observe. Esta singularidade débese a que a banda de cuarcitas, que son as rochas que a constitúen, presenta unha inclinación ou buzamento a favor do val do río Lamas, dando lugar a unha forma de V. Por tanto ésta verase máis

aberta dende Vilabol e moito máis pechada dende Vilagocende. De novo a erosión diferencial é a responsable da presenza desta pena rochosa, e as cuarcitas representarían antigas praias do hemisferio Sur próximas ao antigo continente Gondwana.



Escouras de ferro presentes a carón da capela da Fornaza.

No caso da Fornaza atópanse os restos dunha antiga fundición de ferro. A carón do miradoiro pódese contemplar un salientable conxunto de pregues e fallas, que poñen de manifesto a intensa deformación ao que foron sometidas tanto as cuarcitas como as lousas desta zona.



Detalle da escombeira da mina de Riodeporcos.

A Fornaza (3)

Nesta zona do val do encaixado río Navia áchanse distintas mineralizacións hidrotermais de óxidos (hematites e goethita) e sulfuros (pirita, calcopirita, esfalerita e galena) que foron moitas delas explotadas, especialmente na marxe de Asturias (Riodeporcos), para obter diferentes metais.

Pobra de Burón-Riotorto (4)

O val de Burón caracterízase por ser moi fértil, proba delo é a presenza de moitos prados e pequenas leiras. Do mesmo xeito mostra unha configuración paisaxística moi diferente á observada nos vales dos ríos Lamas e Navia. Todo isto débese ao afloramento de calcarias, unhas rochas moi escasas en Galicia, e que dada a súa composición mostran un modelado xeomorfolóxico característico, o karst. Na contorna de San Pedro, áchase unha pequena fonte onde de forma constante hai un emisión de burbullas de CO_2 , un gas implicado na disolución previa da rocha calcaria. En Riotorto, atópase outro elemento representativo da paisaxe calcaria, as dolinas ou



Panorámica da dolina de Riotorto (Val de Burón).

sumideiros. Estas estruturas son zonas deprimidas case pechadas á saída de agua, nas que ademais prodúcese unha infiltración salientable de agua ao subsolo.



Zona de prados asociada á banda de calcarias.

Vilardíaz (5)

Nas inmediacións deste pobo do norte da Fonsagrada existe un excepcional afloramento de calcarias, unhas litoloxías

que se interpretan como pequenos arrecifes e plataformas carbonatadas que se orixinaron en latitudes próximas á actual illa de Tasmania durante o Cámbrico, é dicir, hai 520 millóns de anos. De forma ocasional pódense ollar restos fósiles e bioturbación de distintos organismos que constituían estas colonias arrecifais do Paleozoico inferior. Dende o punto de vista biolóxico é salientable a presenza dun pequeno teixidal emprazado favorablemente en solo calcáreo.



Detalle de bioturbación nas calcarias de Vilardíaz.

ORGANIZA:



COORDINAN:



FINANCIAN:



Financiado por la Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología-Ministerio de Economía y Competitividad

© Francisco Canosa Martínez

Reservados todos os dereitos. Queda rigurosamente prohibida, sen o expreso permiso titular do “Copyright”, a reprodución total ou parcial desta guía por calquera medio ou procedemento, incluídas a reprografía e o tratamento informático.